

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DO 11 DE SETEMBRO DE 2020, SOBRE MEDIDAS APLICABLES AO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVICIOS (PAS) DA UNIVERSIDADE DE VIGO EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE AO SARS-CoV-2

Segundo o comunicado da Xerencia de data 2 de xullo de 2020, e tal como informou o Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL), actualmente o nivel de risco comunitario considerado polo Ministerio de Sanidade é baixo ou moi baixo, polo que todos os grupos vulnerables considéranse un nivel de risco 1 (NR1). Neste contexto, o persoal traballador considerado vulnerable pode traballar coas mesmas medidas preventivas indicadas para o persoal non vulnerable.

Non obstante, na instrución da Xerencia do 25 de xuño de 2020 sobre medidas aplicables ao persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo con cargas familiares ou pertencentes a grupos vulnerables, autorizábase durante tres meses dende a finalización da vixencia do estado de alarma, a todo o PAS incluído nun grupo vulnerable, poder prestar os seus servizos de forma non presencial sempre que a natureza das súas funcións o permitise e/ou presencial coas medidas recomendadas polo SPRL.

O vindeiro 14 de setembro finaliza o prazo marcado pola instrución da Xerencia do 25 de xuño. Non obstante, ante a incidencia que presenta a crise sanitaria da COVID-19 na Comunidade Autónoma e, dado que dentro dos grupos vulnerables hai diversos niveis de vulnerabilidade, e tendo en conta a recomendación do SPRL, co obxectivo de incrementar a protección prevista polas autoridades sanitarias para protexer e previr, na medida do posible, o risco de contaxio e así garantir a seguridade no contorno laboral, respecto do persoal incluído nos niveis de vulnerabilidade NR3 e NR4 dispónse:

Primeiro.- O persoal especialmente vulnerable en relación á infección de SARS-CoV-2, poderá prestar os seus servizos de xeito non presencial sempre que a natureza das súas funcións o

permita e/ou presencial coas medidas recomendadas polo SPRL, cando no seu informe de vulnerabilidade figure algunha das seguintes indicacións:

- Só pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 e NR4 se é posible que traballe nunha zona sen contacto con posibles sintomáticos.
- Non pode traballar nos niveis de risco NR2, NR3 nin NR4

Este persoal deberá comunicar á Xerencia (consultapas@uvigo.es) a forma en que vai desenvolver o seu traballo, achegando o informe favorable do persoa responsable da súa unidade.

Segundo.- Esta medida iniciarase o 15 de setembro e abranguerá ata o 31 de decembro de 2020, sen prexuízo de que poidan producirse modificacións nos niveis de risco comunitario determinadas polo Ministerio de Sanidade e, se é o caso, se deban adoptar as medidas recomendadas polas autoridades sanitarias.

Terceiro.- O persoal vulnerable non incluído nos niveis de vulnerabilidade especificados no punto 1, terán que adoptar de ser necesarias, as medidas especiais establecidas polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, sen prexuízo de modificacións na súa situación derivado do seu estado de saúde ou da evolución da pandemia.

A xerenta

Raquel M. Souto García

(documento asinado dixitalmente)